

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2018 pola que se lle dá publicidade á resolución de concesión das axudas aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (Programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante Resolución do 27 de xuño de 2017 publicouse o acordo do Consello de Dirección que aprobou as bases reguladoras das axudas aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (Programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG núm. 129, do 7 de xullo) e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

As ditas bases establecen no seu artigo 7.6 que, con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais, substituíndose a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación do texto completo da resolución de concesión do 22 de decembro de 2017 da convocatoria 2017.3 das axudas do Igape aos servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (Programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, no enderezo www.tramita.igape.es (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>). O texto completo da resolución non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. A Resolución do 22 de decembro de 2017 esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Non



obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

